

REGULAMENTO DA REDE DE INFRAESTRUTURAS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E AO DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO (RIAIDT) DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Consello de Goberno de 22 de Xullo de 2009)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O presente regulamento vai desenvolver a organización e funcionamento da Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico, por mor de aproveitar a experiencia obtida na súa implantación desde que se creara por Acordo de Xunta de Goberno de 23 de xullo de 1997. Con esta actuación preténdese optimizar o funcionamento da infraestrutura necesaria para o desenvolvemento dos programas de investigación dos investigadores, grupos de investigación, departamentos, institutos e centros da USC, así como incrementar e mellorar as prestacións e rendibilidades dos investimentos feitos na adquisición de grandes equipos, mediante a racionalización do seu réxime de explotación. Asimesmo preténdese dar cabida na RIAIDT a novas formas de apoio a investigación a través da incorporación de coñecementos, tecnoloxías ou instrumentación de grupos de investigación da USC na forma de Plataformas Científico-Tecnolóxicas. Para a consecución destes obxectivos, a USC velará porque a RIAIDT dispoña dun instrumental e dunha dotación de persoal técnico cualificado axeitados. O funcionamento da RIAIDT rexerese polas normas recollidas neste Regulamento e máis por todos aqueles preceptos emanados do Consello de Goberno da USC que lle sexan de aplicación.

TÍTULO I. Natureza, Obxectivos e Finalidade.

Artigo 1.

A RIAIDT é a estrutura organizativa que integra as infraestruturas instrumentais de uso común que prestan servizos de apoio á investigación da USC. O obxectivo da RIAIDT é darlle unha meirande unidade e operatividade aos recursos de apoio á investigación cos que conta a USC.

Son funcións da RIAIDT:

1. Dar soporte á investigación dos diferentes investigadores, grupos de investigación, departamentos, institutos, centros e servizos da USC, así como tamén a outros centros públicos ou privados, no marco de convenios, concertos ou acordos que a USC estableza.
2. Desenvolver a investigación metodolóxica propia das técnicas experimentais necesarias para mellorar e ampliar as prestacións, de acordo coas directrices de política científica da USC.
3. Asesorar á comunidade universitaria en todo o que faga referencia ao seu ámbito de actuación, así como difundir os seus servizos.
4. A formación dos investigadores da USC nas técnicas implantadas nas unidades e áreas da Rede co fin de que poidan aproveitar ao máximo o potencial das infraestruturas dispoñibles.

5. A promoción da creación de plataformas científico-tecnolóxicas de prestación de servizos de apoio a investigación, que poderán ser mixtas, con participación de unidades da RIAIDT xunto con grupos de investigación da USC, ou estar constituídas unicamente por grupos de investigación da USC.

TÍTULO II. Estrutura e Xestión.

Artigo 2.

1. A RIAIDT estará adscrita ao/aos Vicerreitorados con competencias en Investigación da USC.

2. A RIAIDT estará estruturada en unidades e plataformas científico-tecnolóxicas.

3.- As unidades son estruturas que reúnen equipamento científico-tecnolóxico e persoal altamente especializado co obxectivo de dar servizo aos investigadores da USC e a outros investigadores de entidades públicas ou privadas que o soliciten, así coma de desenvolver novas tecnoloxías ligadas á temática da unidade.

4. As plataformas científico-tecnolóxicas son estruturas que xurden do coñecemento e experiencia dun ou varios grupos de investigación co fin de articular unha dobre función de prestación de servizos, en áreas diferentes e complementarias das unidades da RIAIDT, e de desenvolvemento tecnolóxico ou investigación propiamente dita ligados a estes servizos. As plataformas crearanse naqueles casos nos que os grupos dispoñan de coñecementos, tecnoloxía ou instrumentación que, engadidos ós dispoñibles na RIAIDT, permitan mellorar de maneira considerable o alcance do servizo correspondente, ou nos casos nos que permitan satisfacer demandas de servizos non abordables coas capacidades existentes na RIAIDT. O modelo de funcionamento das plataformas científico-tecnolóxicas no marco da RIAIDT será definido especificamente para cada plataforma dacordo coas súas características pero en tódolos casos se baseará nunha aportación conxunta de recursos por parte da RIAIDT e do grupo de investigación impulsor da plataforma.

5. As unidades e plataformas científico-tecnolóxicas serán creadas, modificadas ou suprimidas por acordo do Consello de Goberno. Nas propostas de creación, presentarase a estrutura de xestión, organización e financiamento das plataformas e unidades.

Artigo 3.

Os órganos de goberno da RIAIDT son o/s titular/es do vicerreitorados con competencias en investigación.

Os órganos de xestión da RIAIDT son:

1. O director da RIAIDT.

2. O coordinador da RIAIDT no campus de Lugo.

Os órganos de asesoramento da RIAIDT son os responsables das comisións científicas.

Artigo 4.

O director da RIAIDT poderá ser un PDI ou un técnico profesional e será nomeado polo reitor da USC a proposta dos vicerreitorados con competencias en investigación.

Son competencias do director da RIAIDT:

1. A dirección científico-técnica xeral da RIAIDT de acordo coa política científica que a USC defina.
2. A xestión e formación do persoal da RIAIDT.
3. A elaboración de propostas de posibles modificacións na estrutura e organización interna das unidades da RIAIDT.
4. A elaboración dos plans de desenvolvemento da RIAIDT, en canto a oferta de servizos internos e externos, así como as necesidades infraestructurales e de recursos humanos.
5. A execución dos plans de desenvolvemento da RIAIDT, previa aprobación polo o/s titular/es do vicerreitorados con competencias en investigación.
6. A elaboración de propostas de mellora e acreditación dos servizos ofertados polas unidades.
7. A elaboración de estudos de viabilidade económica, establecemento de tarifas e execución do presuposto.
8. A elaboración de informes en relación cos servizos da RIAIDT .
9. A proposta de comisións específicas para informar sobre conceptos especiais ou especializados, nomeando conselleiros técnicos.
10. Velar polo cumprimento deste Regulamento e da normativa de réxime interno.
11. Representar á RIAIDT diante das autoridades e organismos universitarios.
12. Elaborar os informes acerca das actuacións da RIAIDT que lle sexan encargados polo o/s titular/es do vicerreitorados con competencias en investigación.
13. Propoñer acordos, convenios ou plans concertados coa pertinente autorización polo o/s titular/es do vicerreitorados con competencias en investigación.
14. Supervisar o funcionamento e a xestión das plataformas tecnolóxicas.
15. Aquelas outras que lle poidan ser conferidas pola Regulamentación vixente.

Artigo 5.

O coordinador do campus de Lugo, que poderá ser un PDI ou un técnico profesional, será nomeado polo reitor da USC a proposta do/s titular/es do vicerreitorados con competencias en investigación.

Son competencias deste coordinador:

1. A supervisión e coordinación do funcionamento das infraestruturas e equipamento científico do campus de Lugo.
2. A colaboración co/a director/a na xestión do persoal adscrito ao campus de Lugo.
3. A supervisión da implantación e cumprimento das normas de funcionamento no campus de Lugo.
4. A supervisión da execución dos presupostos no concenrente ao campus de Lugo.
5. A optimización das prestacións das unidades do campus de Lugo .
6. Estudiar e elevar ao director da RIAIDT as melloras aconsellables no funcionamento das unidades do campus de Lugo.
7. A elaboración dos informes relacionados co campus de Lugo que lle sexan encargados polo director da RIAIDT.
8. A colaboración co Director/a na elaboración dos planes de desenvolvemento da RIAIDT.
9. A colaboración co director en calquera ámbito de competencia e interes para o campus de Lugo.
10. Exercer as funcións do Director/a, por delegación de este/a cando así sexa necesario.

Artigo 6.

Para aquelas unidades que polo seu compoñente científico-tecnolóxico o precisen, constituirase unha Comisión Científica de carácter consultivo formada por un total de entre 3 e 5 usuarios regulares e/ou investigadores expertos na materia, e na que participará tamén o/a responsable técnico da unidade, que actuará coma secretario/a da Comisión. Cada Comisión nomeará de entre os seus membros a un responsable científico/a, por un período de dous anos, renovable.

As Comisions Científicas actuarán de nexos entre a comunidade científica da USC e a Dirección da RIAIDT. As súas funcións serán: asesoramento na planificación da unidade, implementación de novas técnicas, recomendación de adquisicións de novos equipos, integración con outras unidades, dinamización da actividade a través de colaboracións.

As Comisións Científicas reuniranse polo menos unha vez ao ano, por convocatoria do seu responsable científico/a, ou cando as circunstancias do servizo así o demanden.

Artigo 7.

No caso das plataformas científico-tecnolóxicas nomearase un responsable científico, que será un doutor pertencente ó grupo de investigación con maior aportación tecnolóxica á plataforma ou un técnico no caso das plataformas mixtas. Os responsables científicos serán nomeados polo(s) viceirreitor/a con competencias en Investigación.

Son competencias dos responsables científicos das plataformas científico-tecnolóxicas:

1. A supervisión científica do servizo prestado pola plataforma científico-tecnolóxica.
2. A actuación como interlocutor entre os grupos de investigación e o Director/a da RIAIDT ou o Coordinador/a do campus de Lugo en todo o que atinxa ó funcionamento, promoción e expansión da plataforma científico-tecnolóxica.

TÍTULO III. Do Réxime Económico.

Artigo 8.

A dotación económica da RIAIDT e as súas unidades estará consignada no Orzamento Xeral da USC.

Artigo 9.

De acordo co que se dispón nos Estatutos da USC, a RIAIDT poderá dispor de fondos provenientes das prestacións extrauniversitarias reguladas por contratos debidamente formalizados polas autoridades correspondentes da Universidade, e polas taxas que se establezan pola utilización dos seus servizos.

DISPOSICIÓN FINAL.

Única.

Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte de ser aprobado polo Consello de Goberno da USC.